

ANPA DA SIONLLA
A Sionlla de Abaixo, 10 - Enfesta
Santiago de Compostela
A Coruña
anpa.sionlla@gmail.com

SOLICITUDE DE MELLORAS NOS ESPAZOS UTILIZADOS POLA ANPA E SERVIZO DE MADRUGADORES DO CONCELLO

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA – A SIONLLA



VISTA DA FACHADA FRONTAL, PORTA DE ACCESO EXTERIOR E VENTAS FRONTAIS
DE AMBAS SALAS

Dende a ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa_A Sionlla, queremos destactar que logo de moito tempo sen ver melloras nas instalacións utilizadas polo servizo de madrugadores e actividades extraescolares realizadas dentro do horario escolar do centro, e debido o estado actual das mesmas queremos solicitar as seguintes actuacións de cara o vindeiro curso nas dúas salas ubicadas no baixo do edificio sen uso lectivo actualmente, a carón da zona administrativa do centro.

ACCESIBILIDADE PARA CASOS DE MOVILIDADE REDUCIDA

Actualmente, o único acceso exterior para ambas salas, e a través da porta de acceso que se amosa na foto anterior, que non dispón dunhas medidas axeitadas para dar cabida a unha persoa con mobilidade reducida.

Ademáis, o acceso está limitado por dous escalóns que fan imposible o acceso.

Polo tanto solicitamos estudo de viabilidade para dar acceso global a usuarios e usuarias.

INCREMENTO DA POTENCIA ELÉCTRICA DAS SALAS E PUNTOS DE CONEXIÓN

Coa potencia actual non se pode manter encendido en simultáneo máis de un electrodoméstico, xa que de conectar máis hai risco de sobrecarga, e provoca corte de suministro dende o cadro principal (inaccesible durante parte do tempo do servizo de madrugadores, ata que abre a conserxería do centro) e cando é preciso neveira, tostador, exprimidor e calefactor para o desenrolo normal do servizo de madrugadores.

Tamén e preciso aumentar o número de puntos de conexión eléctrica en ambas salas.

Desto xa se fixo replanteo previo fai máis dun ano, para ver as necesidades e a obra a facer.




(O calefactor está ubicado nesa posición únicamente para a foto resumo)

PINTADO DE PAREDES, TEITOS E CARPINTERIA INTERIOR DAS VENTAS.

Fai máis de 10 anos que non se repinta, co conseguente desgaste e mala aparencia da pintura.(para isto e preciso liberar as paredes de taboeiros de exposición e demais, polo que sería preciso aviso previo os traballos).




Pintado de marcos interiores de carpintería nas ventás.



SUSTITUCIÓN DAS DÚAS PORTAS INTERIORES DAS SALAS

Sustitución das dúas portas e molduras que comunican as salas entre sí e as salas co resto do edificio.




INTALACIÓN DE TARIMA E RODAPÉ

Para mellorar a confortabilidade das salas, e preciso a instalación de tarima sobre o chan actual e rodapé perimetral, que faga as estancias máis acolledoras e mellor illadas ante o frío, xa que este tipo de chan non dispón de illamento térmico, e ten zonas dañadas.

ARRANXO DAS FIXACIONS DOS RADIADORES EN AMBAS SALAS

E preciso arranxar a fixación dos radiadores de ambas salas á parede, xa que móvense e pode provocar o atrapamento da man dalgún cativo.



ANPA DA SIONLLA
CEIP Arquitecto Casas Novoa
A Sionlla de Abaixo, 10 – Enfesta
Santiago de Compostela
A Coruña
anpa.sionlla@gmail.com

SOLICITUDE ADECUACIÓN SERVIZO LIMPEZA DO CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA

A/A: Departamento Educación – Concelleira Educación do Concello de Santiago
C/C: Dirección CEIP Arquitecto Casas Novoa – A Sionlla

Dende a ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa solicitamos a adecuación do servizo de limpeza do noso centro a realidade do mesmo.

Segundo solicitude dende a dirección do centro en varias ocasións, a última fai uns días, dando conta da situación actual, xa que a adicación de horas da única persoa encargada do servizo non é suficiente, unha vez constatada a súa eficacia e boa vontade, acarrexando sempre con todas as obrigas de xeito moi profesional e cunha actitude digna da súa persoa pero non das condicións laborais de sobretraballo que ten que soportar, xa que dada a superficie do centro, horario lectivo e condicións estruturais, complican a realización do traballo máis se cabe.

Ademáis, como ben solicita a dirección, hai zonas do centro que non se están a limpar porque non están enmarcadas dentro das funcións desta persoa, que lóxicamente, de ter que facelas necesitará un incremento de horas de adicación, xa que actualmente o traballo a realizar xa está por riba das horas adicadas.

As zonas sen limpeza divídense en dous grupos:

- Zona utilizada, parte baixa do edificio auxiliar que se compón de 2 aulas, 1 baño múltiple, un almacén e zona común. As 2 aulas son de uso diario polas actividades para o alumnado, así como o baño múltiple, e para o *SERVIZO MUNICIPAL DE MADRUGADORES*, polo cal as condicións hixiénico sanitarias non están a altura do uso habitual.
- Zona non utilizada, son os dous angares superiores do edificio que están sen uso, pero teñen acumulación de polvo e suciedade e polo tanto son un foco de infeccións e acougo de insectos e bichos, que precisa dunha limpeza a fondo inicial, e logo limpeza periódicas acordadas, que entendemos que se han de facer con persoal de reforzo ou dedicado a estes traballos por parte da empresa concesionaria.

Polo tanto, solicitamos que se adecúe o servizo as necesidades reais, incrementado as horas laborais do persoal encargado, para así dar cumprimento ó prego do servizo de limpeza, nos seus puntos de limpeza diarias, tres veces á semana, cada tres meses, cada seis meses e limpeza xeral anual, xa que de cumprirse non estaríamos en esta situación.

Asimesmo, cursamos invitación para que visiten o noso centro e así poder darlle información directa e concreta destas carencias e outras moitas, así como de melloras precisas.

Atentamente, a Presidenta da Anpa.
Mercedes Martínez